

"Quedan 365 días para recuperar a ilusión"

O PP TEN CONSTANCIA DE 11 INFORMES DE INTERVENCIÓN QUE SINALAN FRAUDE NA CONTRATACIÓN MUNICIPAL E NO PAGO DE FACTURAS NOS DOUS ÚLTIMOS ANOS

O BIPARTITO BATE RECORDS HISTÓRICOS EN CONTRATACIÓN DE ABOGADOS E ASESORES ENCUBERTOS

- **Anomalías graves en materia económica e contractual:** destaca o servizo de Asesoramento Xurídico contratado por Pérez e os membros da Xunta de goberno local.
- Avogado 1: cústalle aos melidenses **53.240 €/anuais**. A contratación deste avogado segundo os pregos é para levar **TODO TIPO** de asuntos que precise o Concello.
- **Este avogado está prestando servizos particulares a membros do goberno local.**
- Foron contratados dous letrados máis tratándose dun fraccionamento e contratación encuberta de persoal. So o custo dun deles foi máis de 17.500 euros.
- Un dos letrados foi contratado para denunciar penalmente a varias empresas de Melide. Ditada recentemente a sentenza, as empresas quedaron absoltas e os melidenses pagaron todos os custos da decisión de Pérez e Prado que so perseguía as cabezas políticas dos seus antecesoros e de certas empresas en vez de preocuparse por crear riqueza no municipio.
- Avogado número 4: Contratado para asesorar laboralmente a Pérez e a Prado. Importe: **18.745 €**. O seu traballo foi amparar aos que nos gobernan para subirlle a algún empregado máis de 1.000 € nómina mensualmente. Seguimos pagando favores das eleccións municipais.

Esta información é das Xuntas de Goberno Local. Solicitadas copias de varios informes tardan unha media de 4 meses ser entregados.

O bipartito AM-PSOE intenta ocultar información e tapar os informes dos técnicos municipais para que así o PP non poida dar a coñecer aos veciños a realidade das ilegalidades que se están a cometer.

O PP DENUNCIÓU QUE 55 PERSOAS ESTABAN EN LISTA DE ESPERA PARA AXUDA A DOMICILIO A PESARES DE TER CONCEDIDA A LEI DE DEPENDENCIA

OS DOMINGOS VAN A MENOS: O MERCADO DESAPARECE E SEGUIMOS SEN O ESTUDO QUE IMPULSOU A PÉREZ - PRADO A CAMBIAR O MERCADO DOMINICAL

O comercio de Melide abandonado á súa sorte.

Seguimos sen explicacións dos motivos reais polos que se cambiou de localización o mercado dominical.

Segue sen convocarse a prometida comisión para escoitar aos sectores afectados.

Tendas de Melide deciden pechar os domingos ao pasar de ser o día que máis se factura ao peor día da semana.

O goberno ten a obriga de explicar ao comercio en que invirte unha empresa a cal contrata anualmente por un importe de preto de 20.000 € anuais coa des- culpa de dinamizar as vendas.



O PP DE MELIDE XUNTO COA SECRETARIA XERAL PAULA PRADO E O ALCALDE DE PALAS DEMANDARON O MANTEMENTO DAS LIÑAS DE BUS QUE O GOBERNO CENTRAL QUERE ELIMINAR

O noso Concello será un dos que o goberno de Sánchez (PSOE) eliminará liñas de BUS nacionais e internas dentro da nosa comunidade. Isto supoñerá que calquer melidense, peregrino, estudante... quedará illado se quere desprazarse en transporte público obrigándolle a ir ás principais cidades galegas para obter un servizo público fundamental. O PP de Melide sinala que "desconectar a Melide do mapa non é unha boa forma de fixar poboación no rural".

Sabías que...?

- Pagan máis de 17.000 € tirados doutro proxecto para a instalación dunha Depuradora industrial para que a conclusión sexa a que sempre defendeu o PP: a canalización das augas residuais á Depuradora municipal. Augas de Galicia
- O bipartito de Pérez e de Prado perdeu os 10.000 € da Deputación da Coruña para a contratación de persoal deportivo.
- Membros do goberno local denuncian a particulares por opinar libremente sobre política local.

"Quedan 365 días para recuperar a ilusión"

CO PP MANTER A PISCINA CLIMATIZADA ABERTA CUSTABA 200.000 EUROS EN 4 ANOS. O BIPARTITO CIFRA A SÚA APERTURA EN MÁIS DE 2 MILLÓNS DE EUROS. INASUMIBLE PARA O NOSO CONCELLO



A Xunta de Galicia non pode contratar a segunda fase do saneamento de O Rañado pola deixadez do goberno local ao non ter nin sequer o certificado de dispoñibilidade de terreos.

Varias vivendas levan agardando tres anos por unha inversión financiada na gran maioría pola Xunta de Galicia (133.763 €). Despois de ter realizado o proxecto a Consellería, pedidos os permisos e asinado o convenio co Concello, contratación está paralizada. O motivo é que o Concello non requeriu a firma dos veciños beneficiados nin enviou o certificado de disposición de terreos.

Dalia García, Chus López acompañadas por Paula Prado mantiveron unha xuntanza cos veciños do Rañado para trasladarlles de primeira man as características.

A SOLUCIÓN DADA POR AUGAS DE GALICIA PARA QUE A PRAIA FLUVIAL TEÑA AUGAS APTAS PARA O BAÑO SEGUE AGOCHADA NO CAIXÓN DO ALCALDE E UN ANO MÁIS A AUGA DO RÍO FURELOS É INSUFICIENTE PARA O BAÑO

Esixímoslle que o proxecto se faga público e que se proceda inmediatamente a súa contratación. Recordamos que o PP deixou un remanente de 4,5 millóns de euros nas arcas municipais e polo tanto non hai excusa para proceder a contratación. En reunión cos Troiteiros Río Furelos foilles explicado o proxecto.

XUNTA DE GALICIA DIRECCIÓN XERAL DE SAÚDE PÚBLICA

Xacobeo 21-22

Municipio	Zona de baño - Punto de muestreo	Código PM Eurostat	Tipo de agua	Clasificación sanitaria
		ES11100043M15043B1	Marítima	Excelente
		ES11100043M15043A1	Marítima	Excelente
		ES11100044M15044B3	Marítima	Excelente
		ES11100044M15044A1	Marítima	Excelente
		ES11100044M15044C1	Marítima	Excelente
Melide	Río Furelos	ES11100046C15046A1	Continental	Insuficiente

MELIDE PAGA STANDS PROMOCIONAIS NAS FEIRAS QUE NINGUÉN ATENDE


As feiras hai que ir... pero tamén hai que estar... Non pode ser que se monte un stand para promocionar Melide e que non haxa ninguén que o atenda. Tomen nota.



Adiante Melide e o PSOE teñen que dar explicacións polos motivos polos que se podan ceder espazos para que se poida presentar o proxecto por parte do IES de Melide e ter un FP. Nun momento excepcional para o futuro dos nosos xóvenes coa implantación da empresa ALTRI na comarca, colindando con Melide.

A VALEDORA DO POBO DALLE A RAZÓN AO PP DE MELIDE OBRIGANDO AO BIPARTITO A REGULAR AS INTERVENCIÓNS DOS GRUPOS POLÍTICOS NA RADIO. ESTAMOS AGARDANDO A QUE SE CUMpra O MANDATO FEITO POLA VALEDORA

Intervencións en Radio Melide dende Xuño 2019 ata a actualidade



O PP de Melide denunciou ante a Valedora do Pobo que en 3 anos de goberno o PP so fóra á Radio 2 veces fronte 783 intervencións diarias de cada un dos membros do goberno bipartito municipal.

Utilizan a casa de todos para facer política de partido esquecendo o máis importante, MELIDE.

"Quedan 365 días para recuperar a ilusión"

CUMPRENSE TRES ANOS DE PERDA DE OPORTUNIDADES PARA MELIDE E DE DESGOBERNO TOTAL

TRES ANOS SEN UN SO OBRADOIRO DE EMPREGO PARA FORMAR A MOZOS E DESEMPREGADOS

TRES ANOS SIN UN SO AVANCE PARA DISPOÑER DE SOLO INDUSTRIAL

TRES ANOS DE CENSURA NA RADIO MUNICIPAL

TRES ANOS SEN PISCINA MUNICIPAL

TRES ANOS DE SUBIDA DE IMPOSTOS MUNICIPAIS

TRES ANOS DE INCREMENTO DE PERSOAL NO CONCELLO, REDUCINDO OS SERVICIOS PÚBLICOS

TRES ANOS DE RETRASOS NA CONCESIÓN DE LICENCIAS URBANÍSTICAS

TRES ANOS DE PERDA DE POBOACIÓN POR FALTA DE INICIATIVAS

TRES ANOS DE DESPRESTIXIO DO NOME DE MELIDE

TRES ANOS SEN DESBROCES NAS PISTAS DA CONCENTRACIÓN PARCELARIA NAS PARROQUIAS DE MACEDA E OROIS ASÍ EN MOITOS DOS ACCESOS NO RURAL MELIDENSE

TRES ANOS SEN REBACHEOS

TRES ANOS SEN LIMPEZA DAS POTABILIZADORAS DAS PARROQUIAS COS CONSEGUENTES VERTIDOS AOS REGATOS


TRES ANOS SEN LIMPAR OS CENTROS SOCIAIS

ADIANTE MELIDE BURLASE DOS MELIDENSES NUNHA PUBLICACIÓN ONDE INVENTA UNHA LIORTA FALSA ENTRE DÚAS CONCELLEIRAS DO PP. A CONCELLEIRA DE IGUALDADE, CARMEN LIÑEIRA, APLAUDE NAS REDES ESTA PUBLICACIÓN MACHISTAS E DE MAL GUSTO

A AUGA DA TRAÍDA ATOLDADA E CON CHEIRO DURANTE DÍAS CONSECUTIVOS SEN INFORMACIÓN NIN EXPLICACIÓN ALGUNHA DO GOBERNO

A empresa concesionaria do servizo advirte da gravidade destas situacións que poden derivar incluso en auga non apta para consumo ou mesmo chegar a cortar o subministro. Non imos permitir que os políticos que cobran por xestionar e teñen a responsabilidade de facelo non tomen medidas nin informen do que está sucedendo.

O alcalde e a súa comparsa enmudecen como se non fosen con eles.




O ABANDONO DO RURAL, UNHA REALIDADE



"Quedan 365 días para recuperar a ilusión"

O PP DE MELIDE APLAUDE A DECISIÓN DE ALTRI DE IMPLANTARSE NA COMARCA DA ULLOA DALIA GARCÍA PORTAVOZ DOS POPULARES MELIDENSES, "MELIDE NON PODE PERDER ESTA OPORTUNIDADE DE POSICIONARSE COMO CONCELLO RECEPTOR DE SERVIZOS"

Dalia García Couso: A un ano das eleccións municipais toca facer balance da lexislatura. Melide perdeu 1.100 oportunidades durante estes tres anos de goberno de AM-PSOE. Oportunidades que como melidenses non podemos permitírnos seguir perdendo. Necesitamos solo industrial para atraer investimentos e fixar poboación, agora mais ca nunca desde que sabemos que a multinacional se asentará moi preto da nosa vila. Necesitamos ter unha administración local áxil e cercana aos cidadáns: o concello é a casa de todos. Temos un patrimonio histórico e cultural envexable que necesitamos poñer en valor axudándolle a que sexan os veciños e veciñas o motor da rehabilitación do casco histórico. Defenderemos que o nome de Melide se deixe de vincular a elementos negativos: Melide e os melidenses non o merecen. Quedan 365 días para recuperar a ilusión.




Pablo Costoya Varela: A pandemia do COVID-19 demostrou que o mundo rural foi, é e será fundamental para a nosa supervivencia. O estado das nosas 26 parroquias hoxe en día fala por si mesmo: non existiron investimentos durante meses, e se existiron foron mínimos. As fochancas e a deixadez en mantemento son o pan do día a día. O rural necesita servizos e servizos de calidade: Melide non sería o que é sen o seu rural. O PP de Melide defendeu sempre infraestruturas de calidade. Sonada foi a iniciativa que levamos a cabo de a lo menos ter un acceso a cada parroquia en aglomerado en quente. Isto é un exemplo do rural que queremos e ao que non imos renunciar.



Mª Jesús López Mourón: Para o PP de Melide, poñer en valor a opinión, a sabiduría e a experiencia acumulada dos noso maiores é a nosa máxima prioridade. Debemos traballar polo benestar dos que o deron todo e facilitarlles trámites tan importantes como son a axuda a domicilio ou a leí de dependencia, co fin de garantirlles a mellor calidade de vida. Esa é a nosa obriga. Hoxe máis ca nunca é o momento de que este colectivo non siga no esquecemento, que se manifesta día a día o actual Goberno PSOE-AM con todos eles. Farémolo sempre da man de políticas en igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, sen descriminacións salariais, cómo está ocorrendo no noso concello con este Goberno, coordinándonos cos centros educativos da vila a hora de ofertar actividades aos mais cativos enfocadas en crear valores en igualdade. Destacando o papel dinamizador que xogan as mulleres do noso rural, claves para o crecemento económico desas zonas. Fagamos que a igualdade formal se converta en igualdade real.



Natividad Laya García: Melide conta grazas ao traballo do PP na Xunta e no Concello cun dos centros de saúde punteiros en toda a área sanitaria compostelana. Foron máis de 3 millóns de euros de investimento para que os melidenses tivesen os servizos que se merecen. Non obstante, non renunciamos a ter máis e mellores servizos, por iso, dende o PP de Melide sempre apostaremos por reconvertir as anteriores infraestruturas en novas estancias adicadas a actividades multidisciplinares, causa na que iremos da man das asociacións melidenses.



Jesús Vidal Quintela: Pensamos que un goberno municipal debe traballar en baixar impostos, ser áxil na tramitación das licenzas urbanísticas e prestar uns servizos adecuados para atraer investimentos que nos permitan crear emprego e fixar poboación no noso concello. En tres anos de goberno de AM-PSOE non se organizou ningún tipo de obradoiro de emprego, non existe ningún tipo de política laboral para a mocidade e os sectores económicos locais non tiveron un apoio claro por parte do bipartito nos meses máis duros da pandemia. Para o PP de Melide traballar na liña de crear dinamismo económico no noso municipio é fundamental para recuperar o lugar que merecemos como cabeceira de comarca.



Raquel Rúa Vaamonde: Melide era o epicentro da actividade cultural, musical e deportiva do cerne de Galicia. A pesar de que somos conscientes do parón que supuxo a pandemia, a día de hoxe a axenda cultural melidense sigue sendo bastante pobre. Os nosos nenos e mozos vense obrigados a desprazarse a outros concellos para aprender a nadar. A segunda oportunidade que se lle dou ao ano Xacobeo-22 non se está aproveitando como debería como motor dinamizador dos nosos sectores económicos locais. Dende o PP de Melide cremos que hai outra maneira de facer as cousas poñendo ao servizo dos melidenses a nosa experiencia e traballo co fin de lograr metas culturais, educativas ou deportivas ilusionantes para nenos e nenas, mozos e mozas, que en definitiva, son o futuro da nosa vila.

365 días para que o Concello
volva abrir as portas aos
veciños!

